



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

Anuncio

Asunto: Comunicación colectiva da resolución da Presidencia da Deputación de Lugo relativa á aprobación dos xuros de mora reivindicados dentro do Programa Termalismo no Camiño 2015

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou aprobar en sesión ordinaria celebrada o 23 de marzo de 2015, o proxecto "Termalismo no Camiño 2015", así como as bases da convocatoria en réxime de concorrancia non competitiva para seleccionar as entidades colaboradoras e os beneficiarios do proxecto, sendo publicadas no BOP de Lugo nº068 de 25 de marzo de 2015

Segundo a aprobación definitiva aprobouse como beneficiarios titulares do proxecto "Termalismo no Camiño 2015" o que implicaba unha axuda económica por importe de 60,00€ por persoa e estancia, que foi aboada pola Deputación de Lugo ao propio Balneario, sendo por tanto, descontado á beneficiario/a no momento do pagamento da súa estancia no establecemento colaborador.

Que atendendo ao Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu artigo 90, Devolución por iniciativa do perceptor,"(...) *Cando se produza a devolución voluntaria, a Administración calculará os xuros de demora de acordo co previsto no artigo 38 da Lei xeral de subvencións e ata o momento en que se produciu a devolución efectiva por parte do beneficiario.*" e artigo 72, Contido da conta xustificativa, punto g) "*Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes*"

Que en relación ao anteriormente exposto, en cumprimento do artigo 40 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, atendendo a documentación presentada, faise necesario a aprobación dos seguintes xuros de mora calculados polo Servizo de Tesouraría da Deputación Provincial :

USUARIO LUGOTERMAL 2015	DATA PAGAMENTO AXUDA SUBVENCIÓN DE (60,00€)	DATA DEVOLUCIÓN DA TOTALIDADE DA SUBVENCIÓN (60,00€)	XUROS DE DEMORA
Jaime Gumersindo López López	16.12.2015	23.06.2016	1,20€
Matilde Barcia Abad	11.01.2016	23.06.2016	1,01€
Maria del Carmen Silvosa Pernas	30.12.2015	06.06.2016	0,98€
Maria Aurora López Boado Fernandez de la Vega	07.01.2016	15.11.2016	1,93€

Considerando o informe do servizo de Tesourería e Intervención onde se informa, que se cumpren os dous criterios polo que procede non practicar a liquidación que resulta do expediente, segundo a **BASE 27ª, REALIZACIÓN DE COBRAMENTOS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO:**

"non se practicará liquidación por cualesquiera ingreso públicos, propios ou delegados, cando a cantidade resultante por este concepto sexa inferior á que se estableza por Resolución da Presidencia, previo informe da Tesourería e Intervención. Os criterios para fixar ditas cantidades serán:

a) O custo previsible da xestión recadatoria en relación co importe a cobrar, sempre e cando tal renuncia non perxudique a imaxe da Deputación.

b) o principio de proporcionalidade"

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVE:**

1º Aprobar non practicar a liquidación dos xuros de mora do seguinte concello:

USUARIO LUGOTERMAL 2015	XUROS DE DEMORA
Jaime Gumersindo López López	1,20€
Matilde Barcia Abad	1,01€
Maria del Carmen Silvosa Pernas	0,98€
Maria Aurora López Boado Fernandez de la Vega	1,93€

2º Comunicar aos usuarios beneficiarios a contía en concepto de xuros de mora.

3º Contra dita resolución poderase interpoñer o recurso de reposición, o que se refire o art. 14.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo ante a Presidencia da deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende a súa notificación. A interposición de recurso administrativo non producirá a suspensión do procedemento agás nos supostos recollidos no Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobada por Real Decreto 520/2005, de 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.

Lugo, 21 de xuño de 2021.-O Deputado Delegado da Area De Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, O PRESIDENTE P.D. Decreto de data 26-07-2019, O Deputado Delegado da Area De Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

R. 1881

SERVIZO CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

PANTÓN.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE FIRME, MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA, DAS ESTRADAS PROVINCIAIS LU-P-4110 "ARRIBADA (LU-P-4103a)- BUDIÁN", P.K. 0+000 A 5+051; LU-P-4111 "LU-P-4106 – SANTA MARIÑA DE EIRÉ – MARCE (LU-P-4107)", P.K. 0+000 A 9+294 E LU-P-4114 "MAÑENTE (N-120a) – TOLDAOS – LU-P-4108" P.K. 0+000 A 3+539 (EX011OB21AB)

EXPTE GTM: 2021/CON_02/000048

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 18 de xuño de 2021. O PRESIDENTE, JOSÉ TOMÉ ROCA, por decreto de data 26-07-2019. O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 1882

RECURSOS HUMANOS

Anuncio

MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COMO CONSECUENCIA DA HOMOLOGACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS E PLENA APLICACIÓN Ó PERSOAL SUBROGADO DO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN.

Por Acordo Plenario da Corporación da Deputación Provincial de Lugo de data 25 de maio de 2021, aprobouse definitivamente a "Proposta para a homologación dos postos de traballo do Servizo de Audiovisuais e plena aplicación ó persoal subrogado do Convenio Colectivo Único de persoal laboral da Deputación" de modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación Provincial de Lugo". Dita proposta estivo exposta ao público na Secretaría desta Deputación por espazo de 20 días, contados a partir do anuncio publicado no Boletín Oficial da provincia de 29 de xaneiro de 2021.

Co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 202.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, e conforme ao determinado no artigo 45.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, publicanse as modificacións aprobadas.

1. PRESIDENCIA

1.10 SERVIZO AUDIOVISUAIS

POSTO DE TRABAJO	Nº	R.X.	C.D.	C. ESP.	T.P	F.P.	SIT	GR/SUB	ESC/SUB	TIT
XEFE/A SERVIZO II AUDIOVISUAIS	1	F	28	2.482,43	S	C	VND	A-A1	AE/TSP	6
XEFE SERVIZO II AUDIOVISUAIS " A EXTINGUIR"	1	L	28	2.482,43	S	C	O	A-A1		
RESPONSABLE COORDINADOR II-TÉCNICO/A PRODUTOS AUDIOVISUAIS E REDES SOCIAIS	1	F/L	21	968,81	S	C	VND	A-A2/B/C-C1	AE/TM/TAUX//PCE	7,13,8
TÉCNICO/A PRODUTOS AUDIOVISUAIS E REDES SOCIAIS-NIVEL I	1	F/L	16	450,40	NS	C	VND	C-C1	AE/PCE	8

1.10.1 CENTRO DE PRODUCCIÓN DE AUDIOVISUAIS (CPA)

1.10.1.1 PRODUTORA

1.10.1.1.1 DEPARTAMENTO DE PRODUCCIÓN

POSTO DE TRABAJO	Nº	R.X.	C.D.	C. ESP.	T.P	F.P.	SIT	GR/SUB	ESC/SUB	TIT
AXUDANTE PRODUCCIÓN " A EXTINGUIR" NIVEL I	1	L			NS		O	C-C2		

1.10.1.1.2 DEPARTAMENTO DE REDACCIÓN E DOCUMENTACIÓN

POSTO DE TRABAJO	Nº	R.X.	C.D.	C. ESP.	T.P	F.P.	SIT	GR/SUB	ESC/SUB	TIT
RESPONSABLE COORDINADOR/A I REDACCIÓN E DOCUMENTACIÓN-REDACTOR/A	1	F/L	23	1.404,93	S	C	VND	A-A1/A-A2	AE/TSP/TM	6,7
REDACTOR/A-1 -NIVEL I	2	F/L	21	751,88	NS	C	O	A-A1	AE/TSP	6
REDACTOR/A -2 -NIVEL I	1	F/L	19	626,30	NS	C	VND	A-A2	AE/TM	7
REDACTOR/A-PRODUTOR/A "A EXTINGUIR" NIVEL I	2	L			NS		VD	C-C1		
DOCUMENTALISTA -NIVEL I	1	F/L	19	626,30	NS	C	O	A-A2	AE/TM	7

1.10.1.1.3 DEPARTAMENTO DE REALIZACIÓN

POSTO DE TRABAJO	Nº	R.X.	C.D.	C. ESP.	T.P	F.P.	SIT	GR/ SUB	ESC/SUB	TIT
TÉCNICO/A REALIZACIÓN -NIVEL I	2	F/L	16	450,40	NS	C	VND	C-C1	AE/PCE	8
REALIZADOR/A "A EXTINGUIR" - NIVEL I	1	L			NS		O	C-C2		
AUXILIAR DE REALIZACIÓN "A EXTINGUIR" -NIVEL I	1	L	14	406,97	NS	C	VD	C-C2		
TÉCNICO/A EDITOR VIDEO -NIVEL I	1	F/L	17	506,41	NS	C	O	B	AE/TAUX	13
EDITOR/A VIDEO -NIVEL I	1	F/L	16	450,40	NS	C	VND	C-C1	AE/PCE	8
EDITOR/A VIDEO "A EXTINGUIR" -NIVEL I	1	L			NS		O	C-C2		

1.10.1.1.4 DEPARTAMENTO DE CÁMARAS

POSTO DE TRABAJO	Nº	R.X.	C.D.	C. ESP.	T.P	F.P.	SIT	GR/ SUB	ESC/SUB	TIT
TÉCNICO/A CÁMARA-REPORTEIRO/A - NIVEL I	3	F/L	17	506,41	NS	C	O	B	AE/TAUX	13
CÁMARA PROFESIONAL-REPORTEIRO/A -NIVEL I	3	F/L	16	450,40	NS	C	VND	C-C1	AE/PCE	3, 8, (1)
OPERADOR/A REPORTEIRO/A CÁMARA "A EXTINGUIR" -NIVEL I	1	L	14	406,97	NS	C	O	C-C2		
OPERADOR/A REPORTEIRO/A CÁMARA "A EXTINGUIR" -NIVEL I	2	L			NS		O	C-C2		

1.10.1.1.5 DEPARTAMENTO DE SONIDO

POSTO DE TRABAJO	Nº	R.X.	C.D.	C. ESP.	T.P	F.P.	SIT	GR/ SUB	ESC/SUB	TIT
ENXEÑEIRO/A TÉCNICO EN TELECOMUNICACIÓNS -NIVEL I	1	F/L	19	626,30	NS	C	VND	A-A2	AE/TM	7
TÉCNICO/A EDITOR/A AUDIO " A EXTINGUIR" -NIVEL I	1	L	17	506,41	NS	C	O	B		

1.10.1.2 FILMS OFFICE

1.10.1.3 ARQUIVO AUDIOVISUAL

1.10.2 CENTRO DE FORMACIÓN AUDIOVISUAL (CFA)

POSTO DE TRABAJO	Nº	R.X.	C.D.	C. ESP.	T.P	F.P.	SIT	GR/ SUB	ESC/SUB	TIT
OPERARIO/A SERVIZOS MÚLTIPLES - NIVEL I	1	F/L	12	393,02	NS	C	O	AP	AE/POPE	5

1.10.2.1 FORMACIÓN REGRADA

POSTO DE TRABAJO	Nº	R.X.	C.D.	C. ESP.	T.P	F.P.	SIT	GR/ SUB	ESC/SUB	TIT
PROFESOR/A -NIVEL I	8	F/L	21	751,88	NS	C	O	A-A1	AE/TSP	1, 6
PROFESOR/A -NIVEL I	1	F/L	21	751,88	NS	C	VND	A-A1	AE/TSP	1, 6
PROFESOR/A "A EXTINGUIR" -NIVEL I	1	F/L			NS		O	A-A2		

1.10.2.2 FORMACIÓN NON REGRADA

POSTO DE TRABAJO	Nº	R.X.	C.D.	C. ESP.	T.P	F.P.	SIT	GR/ SUB	ESC/SUB	TIT
PROFESOR/A TALLER- TÉCNICO/A PRODUCCIÓN -NIVEL I	2	F/L	17	506,41	NS	C	VD	B	AE/TAUX	13

1.10.3 EQUIPO TÉCNICO

POSTO DE TRABAJO	Nº	R.X.	C.D.	C. ESP.	T.P	F.P.	SIT	GR/ SUB	ESC/SUB	TIT
RESPONSABLE COORDINADOR/A II EQUIPO TÉCNICO	1	F/L	21	968,81	S	C	O	A-A2/ B/C-C1	AE/TM/ TAUX//PCE	7,13,8
AXUDANTE SONIDO E ELECTRICIDADE - NIVEL I	1	F/L	14	406,97	NS	C	O	C2	AE/PCE	4,9

1.10.4 ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

POSTO DE TRABAJO	Nº	R.X.	C.D.	C. ESP.	T.P	F.P.	SIT	GR/ SUB	ESC/SUB	TIT
AUXILIAR ADMINISTRATIVO -NIVEL I	2	F	14	406,97	NS	C	VND	C-C2	AX/AUX	4
AUXILIAR ADMINISTRATIVO " A EXTINGUIR" -NIVEL I	2	L			NS		O	C-C2		
PORTEIRO -NIVEL I	2	F	12	393,02	NS	C	VND	AP	AX/SP	5
PORTEIRO " A EXTINGUIR" -NIVEL I	2	L	12	393,02	NS	C	O	AP		

1.10.5 REDES SOCIAIS

As persoas ocupantes dos postos de traballo declarados "a extinguir", nos que non se reflicten as retribucións complementarias, manterán as retribucións, en cómputo anual, que tiñan consolidadas con anterioridade á homologación como complemento de garantía retributiva.

SIGLAS UTILIZADAS NA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

Nº	Dotación
RX	Réxime xurídico
	F Funcionario
	L Laboral
	E Eventual
	D Directivo
CD	Complemento de Destino
C ESP	Complemento Específico
TP	Tipo de Posto
	N Non singularizado
	S Singularizado
FP	Forma de Provisión
	C Concurso
	L Libre designación
	D Designados libremente Presidencia
SIT.	Situación
	O Ocupado
	VD Vacante dotado
	ND Vacante non dotado
GR/SUB	Grupo/Subgrupo
ESC/SUB	Escala/Subescala
	(HN) Escala Habilitación Nacional
	(HN/S) Subescala Secretaría
	(HN/SE) Categoría Entrada
	(HN/SS) Categoría Superior
	(HN/I) Subescala Intervención-Tesourería
	(HN/IE) Categoría Entrada
	(HN/IS) Categoría Superior
	(HN/SI) Subescala Secretaría- Intervención
	(HN/SIE) Categoría Entrada
	(HN/SIS) Categoría Superior
	(AX) Escala Administración Xeral
	(AX/T) Subescala Técnica
	(AX/X) Subescala de Xestión
	(AX/AD) Subescala Administrativa
	(AX/AUX) Subescala Auxiliar
	(AX/SB) Subescala Subalterno
	(AX/SC) Clase Conserxe
	(AX/SP) Clase Porteiro

SIGLAS UTILIZADAS NA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

(AX/SA)	Clase análogas
(AE)	Escala Administración Especial
(AE/T)	Subescala Técnica
(AE/TSP)	Clase Técnicos Superiores
(AE/TMD)	Clase Técnicos Medios
(AE/TAUX)	Clase Técnicos Auxiliares
(AE/SSE)	Subescala Servizos Especiais
(AE/PCE)	Clase Prazas de Labores Especiais
(AE/POF)	Clase Persoal de Oficios
(AE/PENC)	Categoría Encargado
(AE/PMAT)	Categoría Mestre
(AE/POFI)	Categoría Oficial
(AE/PAUX)	Categoría Axudante
(AE/POPE)	Categoría Operario
(FCCEX)	Funcionarios de Carreira de Corpos ou Escalas Xurídicas

TIT.**Titulación académica**

- 1 Titulación acceso grupo A-Subgrupo A1
- 2 Titulación acceso grupo A- Subgrupo A2
- 3 Titulación acceso grupo C- Subgrupo C1
- 4 Titulación acceso grupo C- Subgrupo C2
- 5 Titulación acceso Agrupacións Profesionais
- 6 Titulación específica grupo A-Subgrupo A1
- 7 Titulación específica grupo A- Subgrupo A2
- 8 Titulación específica grupo C- Subgrupo C1
- 9 Titulación específica grupo C- Subgrupo C2
- 10 Habilitación Estatal - Secretaría
- 11 Habilitación Estatal Intervención-Tesouraría
- 12 Habilitación Estatal Secretaría-Intervención
- 13 Titulación específica grupo B do EBEP
- (1) Outros requisitos: Certificado profesionalidade

Contra o acordo plenario cabe interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Pleno da Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a esta publicación, ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro, que consideren procedente.

Pazo Provincial de Lugo, - A Secretaria Xeral – María Esther Álvarez Martínez.

R. 1883

Anuncio

MODIFICACIÓN CADRO PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COMO CONSECUENCIA DA HOMOLOGACIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS E PLENA APLICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO PARA PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN.

Por Acordo Plenario da Corporación da Deputación Provincial de Lugo de data 25 de maio de 2021, aproboase definitivamente a “Proposta de modificación do cadro de persoal da Deputación de Lugo como consecuencia da Homologación dos postos de traballo do Servizo de Audiovisuais e plena aplicación do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación”.

MODIFICACIÓN CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO**ORZAMENTO 2021****ADMINISTRACIÓN XERAL**

	Denominación Praza	Grupo	Total	Ocupada	Vacante	Dotación	Acceso
SUBESCALA AUXILIAR	AUXILIAR A. X.	C/C2	2		2	VND ¹	PIF ²
SUBESCALA SUBALTERNO	PORTEIRO/A	AP	2		2	VND	PIF
TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL			4	0	4		

ADMINISTRACIÓN ESPECIAL**SUBESCALA TÉCNICA****CLASE TÉCNICOS SUPERIORES**

	Denominación Praza	Grupo	Total	Ocupada	Vacante	Dotación	Acceso
	PRODUTOR/A AUDIOVISUAIS	A/A1	1		1	VND	PIF
TOTAL TÉCNICOS SUPERIORES			1	0	1		
TOTAL ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			1	0	1		
TOTAL XERAL			5	0	5		

MODIFICACIÓN CADRO DE PERSOAL LABORAL**ORZAMENTO 2021****GRUPO/SUBGRUPO A/A1**

Den. PRAZA	TOTAL	OCUPADA	VACANTE	DOTACIÓN	Acceso
PRODUTOR/A AUDIOVISUAIS	1	1		D ³	-
REDACTOR/A-1	2	2		D	-
PROFESOR/A (1 OCUPADA 50% XORNADA)	9	8	1	D: 8 VND: 1	PI ⁴
TOTAL GRUPO/ SUBGRUPO A/A1	12	11	1		

¹ VND: Vacante non dotada.² PIF: Promoción interna funcionarización.³ D: Dotada.⁴ PI: Promoción interna.

GRUPO/SUBGRUPO A/A2

Den. PRAZA	TOTAL	OCUPADA	VACANTE	DOTACIÓN	Acceso
REDACTOR/A-2	1		1	VND	PI
DOCUMENTALISTA	1	1		D	-
ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A EN TELECOMUNICACIÓNS	1		1	VND	PI
PROFESOR/A "A EXTINGUIR"	1	1		D	-
TOTALGRUPO/ SUBGRUPO A/A2	4	2	2		

GRUPO B

Den. PRAZA	TOTAL	OCUPADA	VACANTE	DOTACIÓN	Acceso
TÉCNICO/A EDITOR VIDEO	1	1		D	-
TÉCNICO/A CÁMARA-REPORTEIRO/A	3	3		D	-
TÉCNICO/A EDITOR/A AUDIO " A EXTINGUIR"	1	1		D	-
PROFESOR/A TALLER-TÉCNICO/A PRODUCCIÓN	2		2	D	-
TÉCNICO/A SUPERIOR IMAXEN E SONIDO	1	1		D	-
TOTAL GRUPO B	8	6	2		

GRUPO/SUBGRUPO C/C1

Den. PRAZA	TOTAL	OCUPADA	VACANTE	DOTACIÓN	Acceso
TÉCNICO/A PRODUTOS AUDIOVISUAIS E REDES SOCIAIS	1		1	VND	PI
REDACTOR/A-PRODUTOR/A "A EXTINGUIR"	2	1	1	D-VD	-
TÉCNICO/A REALIZACIÓN	2		2	VND	PI
EDITOR/A VIDEO	1		1	VND	PI
CÁMARA PROFESIONAL-REPORTEIRO/A	3		3	VND	PI
TOTAL GRUPO/ SUBGRUPO C/C1	9	2	7		

GRUPO/SUBGRUPO C/C2

Den. PRAZA	TOTAL	OCUPADA	VACANTE	DOTACIÓN	Acceso
AXUDANTE PRODUCCIÓN "A EXTINGUIR"	1	1		D	-
REALIZADOR/A "A EXTINGUIR"	1	1		D	-
AUXILIAR DE REALIZACIÓN "A EXTINGUIR"	1	1		VD	-
EDITOR/A VIDEO "A EXTINGUIR"	1	1		D	-
OPERADOR/A REPORTEIRO/A CÁMARA "A EXTINGUIR"	3	3		D	-
AXUDANTE SONIDO E ELECTRICIDADE	1	1		D	-
AUXILIAR ADMINISTRATIVO "A EXTINGUIR"	2	2		D	-
TOTAL GRUPO/ SUBGRUPO C/C2	10	10	0		

AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS

Den. PRAZA	TOTAL	OCUPADA	VACANTE	DOTACIÓN	Acceso
OPERARIO/A SERVIZOS MÚLTIPLES	1	1		D	-
PORTEIRO/A "A EXTINGUIR"	2	2		D	-
TOTAL AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS	3	3	0		

TOTAL XERAL	46	34	12
--------------------	-----------	-----------	-----------

Contra o acordo plenario cabe interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Pleno da Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a esta publicación, ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro, que consideren procedente.

Pazo Provincial de Lugo - A Secretaria Xeral – María Esther Álvarez Martínez.

R. 1884

CONCELLOS**ALFOZ***Anuncio*

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional de data 23 de abril de 2021 sobre a aprobación de Ordenanza reguladora do prezo público e réxime do servizo de uso de material reprodutor de audioguías para visitas turísticas e culturais do Concello de Alfoz, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO E RÉXIME DO SERVIZO DE USO DE MATERIAL REPRODUTOR DE AUDIOGUÍAS PARA VISITAS TURÍSTICAS E CULTURAIS DO CONCELLO DE ALFOZ

Artigo 1.

Ao amparo do previsto nos artigos 41 do Real Decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a prezo público polo uso do material reprodutor das audioguías para a promoción turística e cultural de Alfoz, que se rexerá pola seguinte ordenanza.

A actividade se enmarca dentro da competencia legalmente atribuída polo artigo 25, 2, h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Artigo 2.

Están obrigados ao aboamento do prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficien dos servizos ou actividades prestados ou realizados polo concello, a que se refire no artigo anterior, é dicir, quen solicite o alugueiro das audioguías turísticas do Concello de Alfoz.

Artigo 3.

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:

1.- Alugueiro de material reprodutor de audioguías para visitar os recursos de interese turístico e cultural municipal:

Prezo do servizo por persoa: 2,00€

2.- Aplicaranse bonificacións especiais, que poderán chegar incluso á gratuidade do servizo, aos seguintes grupos:

- Menores de 12 anos.
- Grupos de visitantes de centros educativos.
- Todos aqueles que se considere necesario en caso de ter un especial valor social ou repercusión na promoción turística e cultural do concello, acreditando tal circunstancia o informe do responsable de área correspondente.

Artigo 4.

A obriga de aboamento do prezo público regulado nesta ordenanza comeza no intre no que o usuario solicita o uso dos servizos ou actividades especificados no artigo anterior. O aboamento efectuarase cando a Oficina Municipal de Turismo facilite o material reprodutor da audioguía á persoa que o solicite.

Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago, o servizo ou actividade non se preste ou desenrole, procederase á devolución do importe correspondente.

O responsable da Oficina Municipal de Turismo deberá efectuar informe sobre a identificación dos usuarios, datas, importe de recadación e calesquiera outras incidencias que poidan surxir, con periodicidade mínima trimestral. Tal informa acompañará a conta xustificativa de recadación que será presentada á Tesorería Municipal, xunto co recaudado, dentro dos primeiros quince días seguintes á finalización de cada trimestre natural.

Artigo 5.

A descarga da audioguía será gratuita e farase desde un enlace á web municipal.

O aluguer do material (auriculares e tarxetas) levarase a cabo na Oficina Municipal de Turismo situada no Castelo de Castro de Ouro e durante o horario de apertura ao público establecido nese momento.

Poderán facerse reservas previas para grupos e/ou particulares a través dos medios habituais, sendo necesaria a confirmación por parte do concello para validar estas reservas.

Os grupos non superarán o 85% do total de dispositivos dispoñibles, salvo excepcións xustificadas.

Informarase claramente aos usuarios do funcionamento do servizo, así como das condicións de alugueiro dos equipos, estando esta información tamén dispoñible en carteleiras na Oficina Municipal de Turismo, web municipal e demais medios nos que se informe sobre o servizo de audioguías. A sinatura do formulario de alugueiro supón a aceptación destas condicións por parte do usuario.

Para o alugueiro do material reprodutor de audioguías, os solicitantes deberán presentar o seu DNI na Oficina Municipal de Turismo e asinar un documento facilitado polo Concello de Alfoz no que figuren os datos persoais, hora e data e o compromiso de bo uso do citado material durante o tempo que dure o alugueiro. Incluírase a correspondente cláusula de protección de datos.

O usuario comprométese a coidar o aparello e entregalo en bo estado, tal como o recibiu da Oficina Municipal de Turismo.

No caso de grupos, o responsable de dito grupo completará o formulario co seu nome e apelidos, DNI, número de unidades entregadas e os seus códigos de identificación se é o caso, hora, data e sinatura, cláusula de protección de datos, responsabilizándose do material entregado e da súa devolución en correcto estado.

En ambos casos axuntarase ao formulario fotocopia do DNI do asinante, cuxo uso se especificará na cláusula de protección de datos, incluída no formulario, na que se recolle toda a información sobre o tratamento de ditos datos.

Artigo 6.

A duración máxima deste servizo será de unha hora (60 minutos) a partir da sinatura do formulario onde queda reflectida a hora de inicio do alugueiro. Tendo en conta os horarios de apertura e peche da Oficina Municipal de Turismo as horas de devolución adaptaranse a ditos horarios e establécese un límite para realizar o alugueiro de unha hora antes do peche da Oficina Municipal de Turismo.

As persoas que utilicen o material reprodutor das audioguías deberán entregar estas no mesmo lugar onde as recolleron antes de que acabe o tempo.

Artigo 7.

Este servizo, alugueiro de material reprodutor de audioguías, cumprirá sempre a normativa vixente, especialmente no relativo a medidas de seguridade e hixiene para garantir o seu uso. Do mesmo xeito, os usuarios deberán seguir as instrucións específicas para cumprir cos protocolos de seguridade e hixiene establecidos polas autoridades competentes. Estas medidas formarán parte da información que se da aos usuarios así como da cartelería e demais medios de difusión empregados.

Artigo 8.

A non devolución do material reprodutor por parte dos usuarios será considerada subtracción, será denunciado ante as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado .

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez se cumpra o esixido no artigo 49 da lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local e se publique o texto íntegro no boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65,2 da lei 7/1985, aplicándose a mesma mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

Alfoz, 21 de xuño de 2021.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 1886

Anuncio

Mediante Resolución de Alcaldía de data 21 de xuño de 2021 aprobouse a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do ano 2021 , correspondente a a/s praza/s que a continuación se apuntan, modalidade acceso libre, sistema selectivo concurso-oposición:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO RÉXIME XURÍDICO	CORPO, ESCALA OU CATEGORÍA	GRUPO	N.º DE DOTACIONES
PT010	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	FUNCIONARIAL	ESCALA ADMINISTRACION XERAL SUBESCALA AUXILIAR	C2	1
PT014PT015 PT016PT017	AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR	LABORAL	ESCALA ADMINISTRACION ESPECIAL SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS CLASE PERSOAL OFICIOS	C2/AP	4
PT005	EDUCADOR/A FAMILIAR	FUNCIONARIAL	ESCALA ADMINISTRACION ESPECIAL SUBESCALA TECNICA CLASE TÉCNICOS MEDIOS	A2	1

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, publícase a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do Concello de Alfoz ano 2021, no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma e no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía , no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso

contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Alfoz, 21 de xuño de 2021.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 1887

Anuncio

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional de data 23 de abril de 2021 sobre a aprobación de Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por servizos urbanísticos, cuio texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

“ ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR SERVIZOS URBANÍSTICOS DO CONCELLO DE ALFOZ

ARTIGO 1º. NATUREZA E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 133 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación de servizos urbanísticos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR.

1. FEITO IMPOÑIBLE E DEVENGO.

a) Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos á concesión das licenzas que, preceptivamente, deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase de construcións e obras ou instalacións dentro do termo municipal, así como a prestación doutros servizos urbanísticos, incluíndo a aprobación de proxectos básicos, así como aqueles outros actos suxeitos a procedementos de intervención distintos da licenza de conformidade co artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Entre os procedementos de intervención se inclúen os procedementos establecidos con carácter xeral na lexislación para a declaración responsable e a comunicación previa, así como os supostos de actuacións comunicadas para as intervencións de sinxela técnica e escasa entidade construtiva e económica.

Así mesmo constitúe feito imponible desta taxa a realización de actuacións (técnicas e xurídico-administrativas) por execución subsidiaria en procedementos de Disciplina Urbanística nos casos de incumprimento de acordos ou resolucións municipais; así como a realización de visitas de inspección e comprobación que sexan consecuencia de incumprimentos da normativa de aplicación, das condicións sinaladas nos distintos actos de intervención para o desenvolvemento dunha actividade/obra/uso, ou de ordes de execución. Esta taxa é independente dos custes correspondentes ás actividades que deban desenvolverse por conta do interesado.

b) A taxa devengarase cando inicie a prestación do servizo a Administración municipal, coa recepción da solicitude de licenza, comunicación previa ou/e a correspondente iniciación do expediente, ou ben dende que se realice calquera dos actos do artigo 194 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Así, no caso de que as obras ou actuacións urbanísticas se executaran ou iniciaran a súa execución sen a preceptiva licenza urbanística de obras ou diligencia de conformidade da actuación comunicada, a taxa devengarase cando se inicie a actividade municipal conducente a determinar se a obra ou actuación urbanística é ou non autorizable, con independencia dos expedientes que tiveran que instruírse para depurar a legalidade urbanística. A tales efectos enténdese que se inicia a actividade municipal na data en que se emita o primeiro documento municipal no que se constaten os feitos, se informen sobre os mesmos ou se ordene a incoación do expediente correspondiente.

c) Unha vez nacida a obriga de contribuír, non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada, por comunicacións previas inspeccionadas con resultado desfavorable, nin pola renuncia ou desestímato do solicitante unha vez concedida a licenza ou presentada a actuación comunicada ou declaración responsable.

d) Sen prexuízo do establecido na letra anterior, no caso de desestímato formulado polo interesado con anterioridade á emisión de informe técnico, ou con anterioridade ó desenvolvemento das tarefas de control e inspección de comunicación previa, procederá a devolución do 50% da taxa ingresada.

En todo caso, e previamente á aplicación da bonificación, a Administración comprobará se a autorización ou licenza solicitada á que se renuncia ou desiste está sendo ou foi executada.

e) No suposto de que a comunicación previa sexa incompleta ou incorrecta, de solicitarse de novo ou de presentarse nova documentación, non se devengará de novo a taxa, conservándose o importe ingresado mediante autoliquidación a conta da liquidación que en definitiva corresponda.

2. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

a) Están obrigados ó pagamento dos dereitos e taxas previstos nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que fai referencia o artigo 35.4 da Lei Xeral tributaria que sexan solicitantes, titulares ou resulten beneficiarios ou afectados polos servizos prestados ou realizados polo servizo municipal de urbanismo .

b) Os solicitantes e/ou titulares da licenza deberán facer constar na solicitude nome, DNI, ou CIF, domicilio fiscal do dono do terreo, dono das obras e empresa constructora. En relación con esta última, en caso de non estar designada, achegarase no momento da súa designación.

c) Responderán solidariamente cos suxeitos pasivos os propietarios ou posuidores, así como os arrendatarios, chegado o caso, dos inmobles nos que se realicen as obras, instalacións ou construcións. No suposto dos arrendatarios só poderá esixirse a responsabilidade solidaria dos propietarios ou posuidores, se as obras fosen executadas coa súa conformidade e sen abuso de dereito.

d) Serán substitutos do contribuínte os promotores e os contratistas, no caso de ser distintos do propietario das vivendas ou locais, que poderán repercutir , no seu caso, as cuotas satisfeitas sobre os ocupantes dos mesmos, como beneficiarios do servizo. Igualmente serán sustitutos do contribuínte os contratistas do sector público por obras públicas suxeitas a licenza.

e) Asimismo, responderán da débeda tributaria solidaria ou subsidiariamente, os responsables tributarios nos termos do artigo 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

f) Serán substitutos do contribuínte os promotores e os contratistas.

ARTIGO 3º. BASES DE GRAVAME E TARIFAS

1.- BASE DE GRAVAME

Tomarase como base imponible e liquidable da presente exacción, en xeral, o custo real e efectivo da obra, construción ou instalación, entendendo por tal, a estos efectos, o coste de execución material de aquela.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de rexímenes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniales de carácter público local relacionadas, no seu, coa construción, instalación ou obra, nin tampoco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calqueira outro concepto que non integre, estrictamente, o coste de execución material.

Nos supostos de comunicacións previas por obras, construcións ou instalacións que non requiran para a súa conformidade a presentación do oportuno proxecto técnico, aos efectos de calcular o coste de execución que sirva de base imponible atenderáse ao anexo I da presente ordenanza. No caso de actuacións non contempladas no citado anexo, presentaráse orzamento da actuación, aos efectos da súa valoración polos servizos técnicos.

2.- TARIFAS.

2.1. O tipo de gravame que se aplicará sobre a base liquidable, e por unha soa vez, será o resultante da aplicación da seguinte táboa, de conformidade co indicado no presente artigo:

I. CERTIFICADOS E INFORMES SERVIZO URBANISMO		cuota/tipo impositivo
Certificación urbanística / informe de calificación urbanística		18,00 €
Declaración de fóra de ordenación de edificacións, construcións e instalacións , en función da superficie construída das edificacións, construcións ou instalacións correspondentes		
SUPERFICIE		122 €
0 – 100 m2		182 €
101 – 200 m2		213 €
201 – 500 m2		369 €
501 – 1.000 m2		581 €
A partir de 1.001 m2		
Certificación sobre a caducidade da acción para reestablecer a legalidade urbanística alterada e sobre a prescrición da acción para sancionar		75,00 €
Outros documentos, informes e certificados		15,00 €
II. TRAMITACION DE TITULOS HABILITANTES URBANISTICOS		
1. LICENZA DE PARCELAMENTO OU SEGREGACION EN URBAN		

Por cada metro cadrado de superficie de terreo matriz	0,05 €
Ademáis, por cada metro cadrado de superficie edificable	0,05 €
2. LICENZA DE PARCELAMENTO OU SEGREGACION RUSTICO E S.N.R	
No suposto de finca matriz inferior a unha hectárea	100 €
No suposto de finca matriz de superficie igual ou superior a unha hectárea	150 €
3. TRAMITACION DE AUTORIZACION URBANISTICA PREVIA EN SOLO RÚSTICO(excluído coste anuncios)	50 €
4. TITULO HABILITANTE LICENZA URBANISTICA /COMUNICACION PREVIA CONSTRUCCIONS, EDIFICACIONES, INSTALACIONES	1%
5. LICENCIA PRIMEIRA UTILIZACION	0,30%
6. LICENCIAS MODIFICACION DE USO	100
7. INCIDENTES DE RUINA	
Declaración de ruina	100 €
III. TAXA RESIDUAL	40 €

2.2. No suposto do epígrafe II. Punto 4, se a obra é de nova planta, deberáse facerse constar mediante documento fotográfico que o solar está por completo expedito e sen edificación algunha que impida a execución da obra nova, debendo, caso contrario, solicitar a licenza urbanística de obra de demolición das construcións existentes.

Se a execución da obra comporta a necesidade de instalar grúas, andamios, vallas ou outras instalacións auxiliares que supoñan ocupación da vía pública ou dominio público, acompañarase a documentación necesaria para a súa autorización.

2.3. No epígrafe II.4, na tramitación da emisión do título habilitante licenza urbanística ou tramitación de comunicación previa, a determinación da base imponible sobre a que aplicar o tipo establecido virá dado por:

- No caso de obras de nova planta, rehabilitación, ampliación, reforma ou calesquera outra que requiran de proxecto técnico, o coste de execución material previsto no mesmo.
- No caso de licenzas de obras non mencionadas nin excluídas expresamente, as actuacións comunicadas e as que sexan obxecto de regulación nesta ordenanza gravaranse co 1% do seu presuposto, determinado polos técnicos municipais no caso de discrepancia co presentado polo interesado, segundo o disposto na presente ordenanza.

No suposto específico de títulos habilitantes que non requiran proxecto técnico de obra, para a determinación da base imponible, coste de execución material, se atende á aplicación de baremos por unidades constructivas contemplados no Anexo I da presente ordenanza.

2.4. No suposto do epígrafe II, punto 5, licenza de primeira utilización de vivendas ou locais de todo tipo satisfacerase o cero con trinta por cento (0, 30%) do presuposto total de execución da obra.

Á solicitude de licenza de primeira utilización acompañarase inexcusablemente:

- a. Da alta no Imposto de bens inmobles, selada pola Delegación de Hacienda.
- b. Do certificado de finalización da obra.
- c. Documentación fehaciente que acredite o coste real e efectivo da obra executada, engadidas as modificacións á obra autorizada.
- d. Documentación fehaciente que acredite que se deixaron en perfecto estado os elementos públicos de urbanización tales como aceras, calzadas, infraestruturas públicas, pavimento ou mobiliario urbán.

2.5. No suposto do epígrafe II, punto 6, modificación de uso dos edificios, a licenza de aprobación, devengará unha taxa de 100€ e no relativo á licenza de obra asociada, no seu caso, devengará a cuota aplicable segundo o importe das obras de adaptación, que será verificado polos servizos técnicos municipais.

2.6. En todo caso, nos expedientes cuia tramitación, de conformidade coa legislación aplicable, estén suxeitos a exposición ao público mediante a inserción de anuncios en boletíns oficiais ou diarios de maior difusión, liquidarase a cuantía correspondente ao solicitante.

2.7. En ningún caso a taxa a satisfacer será inferior a 40 euros.

3.- BONIFICACIÓNS E EXENCIÓNS.

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción desta Tasa, que non veña establecida en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

4.- REGRAS ADICIONAIS.

a) As taxas reguladas na presente ordenanza son compatibles coas que poidan devengarse polo aproveitamento especial de bens ou instalacións de uso público municipal, ou por prestacións de servizos e realización de actividades diferentes.

b) As taxas reguladas na tarifa desta ordenanza aplicable a obras de nova planta, reconstrucción ou reforma sobre a base do importe do presuposto de execución material da obra, son compatibles coas que están enumeradas nas restantes tarifas por outros actos concretos suxeitos a gravame con base liquidable de distinta natureza.

ARTIGO 4º. NORMA ESPECIAL SOBRE O INGRESO DA COTA

1. As taxas regulamentadas nesta ordenanza esixíranse en réxime de autoliquidación; o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude de licenza ou comunicación previa, deberá acreditar o ingreso do importe total declarado da débeda tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda, e cubrir a folla de avaliación que figura no anexo II, de conformidade co artigo 26.1.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

No suposto de que se preste de oficio, esixirase mediante liquidación practicada pola Administración tributaria local que terá carácter provisional.

2. No momento de concederse a preceptiva licenza ou tramitarse a comunicación previa, practicarase unha liquidación complementaria no caso de que a autoliquidación presentada non fose conforme a esta ordenanza.

3. Unha vez finalizadas as construcións, instalacións e obras, no caso de que o custo real e efectivo delas sexa superior ou inferior ó que serviu de base imponible na liquidación referida no punto anterior, os suxeitos pasivos presentarán no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á dita finalización, certificado e presuposto final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas, e calquera outro documento que se considere oportuno.

4. Á vista da documentación aportada e das construcións, instalacións e obras realizadas e do custo real e efectivos das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, se é o caso, a base imponible e practicará a correspondente liquidación definitiva esixindo ou reintegrando a diferenza ó suxeito pasivo.

ARTIGO 5º. MODIFICACION OU AMPLIACION PROXECTO.

Se despois de formulada a solicitude de licenza ou presentada a comunicación previa se modificase ou ampliase o proxecto, deberá serlle comunicado á Administración municipal, e acompañarase o novo presuposto ou o reformado e, se é o caso, planos memorias da modificación ou ampliación, autoliquidando a diferenza resultante en relación co proxecto inicial.

ARTIGO 6º. RESOLUCIÓN

1. A Alcaldía adoptará a resolución procedente en canto ó outorgamento da licenza solicitada e á aprobación da liquidación provisional das taxas.

2. No caso de comunicacións previas, se do análise da documentación achegada resulta que se cumpre o establecido na ordenanza específica, procederase a dilixenciar ésta co “conforme”, remitíndose o expediente a Tesourería Local para a comprobación da liquidación provisional das taxas que procedan.

ARTIGO 7º. NOTIFICACIÓNS .

Adoptada a resolución ou acordo procedente, o negociado efectuaralles a correspondente notificación ós interesados e comunicarllela ós servizos municipais responsables da execución daqueles.

ARTIGO 8º. CARÁCTER DAS LIQUIDACIÓNS .

1. As autoliquidacións, unha vez comprobadas, darán lugar á liquidación provisional ata que, unha vez terminadas as obras, sexa comprobada pola Administración municipal a natureza da obra realizada, as súas unidades ou importe; requirirase para iso dos interesados as correspondentes certificacións de obra e demais elementos que se consideren oportunos, para a determinación do custo real final, obxecto de gravame. Á vista do resultado da comprobación practicarase a liquidación definitiva.

2. Deberase tomar como punto de referencia, para a determinación da base impositiva, a data da presentación da solicitude da licenza ou comunicación previa da obra e como módulo para determinar o custo real das obras o establecido no anexo II.

ARTIGO 9 º. INFORMACION EN OBRA.

As licenzas, dilixencia de conforme e as cartas de pagamento ou fotocopias dunhas ou doutras conservaranse no lugar das obras mentres duren estas, para que poidan ser exhibidas a requirimento dos técnicos municipais, os cales en ningún caso poderán retiralas das obras.

ARTIGO 10º. PRÓRROGA DAS LICENZAS OU COMUNICACIONS PREVIAS .

Cando caducara a licenza ou se superáse o prazo máximo para o inicio da execución da obra suxeita a comunicación previa, o Concello poderá conceder prórroga dos prazos de conformidade coa normativa en vigor.

A taxa pola concesión da prórroga fíxase nun 20% do que lle correspondería á liquidación inicial no momento de solicitarse a dita prórroga.

ARTIGO 11º. INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS.

1. Nas materias regulamentadas nesta ordenanza constitúen infraccións:

a) A realización sen licenza ou sen presentación de comunicación previa das obras ou actividades enumeradas no artigo 194 e seguintes da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e para os que a esixe a presente ordenanza, prodúzase ou non prexuízo ós dereitos da facenda municipal.

b) Non lle dar conta á Administración municipal do maior valor das realizadas, das modificacións daquelas ou do seus presupostos.

c) A falsidade da declaración en cuestións que afecten á determinación da base do gravame.

2. Para a cualificación das infraccións e a súa sanción estarase ó previsto nos artigos 199 e 209 e 175 Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e concordantes.

3. En todo caso, aplicarase o réxime regulado na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

A exacción desta Tasa será compatible co Impuesto sobre Construccions, Instalacions e Obras, e coa taxa por expedición de documentos administrativos. (BOP 02/12/2020).

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I

MODULOS DE CÁLCULO DO CUSTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS, CONSTRUCCIONS E INSTALACIONS QUE NON REQUIRAN PROXECTO TÉCNICO

NUMERO ACTUACION	UNIDADE	ACTUACION	PREZO UNITARIO
1	M2	Construcción de galpón ou alpendre	173, 89 €
2	M2	Obras reformas en vivendas	294,45 €
3	M2	Obras reformas en oficinas	291,20 €
4	M2	Obras reformas local comercial	339, 58 €
5	M2	Obras reformas local de hostalería	398,64 €
6	M2	Nivelación de terreos	2, 21 €
7	M3	Excavación de terras	4,91 €
8	M3	Recheo e compactado de terras	3,80 €
9	M lineal	Apertura de gabias	35,63 €
10	M2	Desbroce e limpeza mecánica	1,00 €
11	M lineal	Encasamento de saneamento soterrado	48,38 €
12	U	Pozo de auga	2263, 83 €
13	M3	Deposito de auga	168.96 €
14	U	Instalacion de fosa séptica	1.492, 81 €
15	M2	Demolición de tabique ou apertura de ocos	6,17 €
16	M2	Demolición de cubertas	4,75 €
17	M2	Demolición de falsos teitos	2, 45 €
18	M2	Picado de masas ou azulexados	5, 50 €
19	M2	Picado e levantado de pavimentos	7,05 €
20	M2	Tabique de ladrillo	14,10 €
21	M2	Tabique pladur	26,75 €
22	M2	Enfoscado mestreado e alisado	11,28 €

23	M2	Falso teito de escaiola	16,82 €
24	M²	Soleira de formigón ata 15 cm	21,00 €
25	M2	Pavimento de cemento ou terrazo	21,49 €
26	M2	Pavimento de gres, PVC ou moqueta	32,46 €
27	M2	Chan de madeira	44,42 €
28	M2	Pavimento de pedra ou mármore	79,97 €
29	M	Banzo ("peldaño")	20,74 €
30	M2	Azulexado	33,01 €
31	M2	Chapeado de pedra ou mármore	85,71 €
32	M lineal	Verteaugas de pedra, xamba ou lintel	85,00 €
33	M2	Pintura plástica interiores	5,35 €
34	M2	Panelado de madeira	30,67 €
35	M2	Substitución carpintería de madeira	64,37 €
36	M2	Substitución carpintería de aluminio	208,74 €
37	M2	Substitución carpintería PVC	216,22 €
38	M2	Substitución de carpintería metálica	89,06 €
39	M2	Peches metálicos de seguridade (reixas)	123,75 €
40	M2	Limpeza de fachadas	7,28 €
41	M2	Limpeza e rexuntado fachadas granito	7,28 €
42	M2	Pintura exteriores	7,95 €
43	M2	Revestimento monocapa para exteriores	14,70 €
44	M2	Substitución de acabado de cuberta pesada tipo lousa	50,58 €
45	M2	Substitución de acabado de cuberta lixeira tipo fibrocemento	24,28 €
46	M2	Impermeabilización de terraza	18,36 €
47	M	Canlón	14,29 €
48	M	Baixante	17,38 €
49	U	Rede interior de auga fría e quente	627,48 €
50	U	Instalación completa de calefacción en vivenda	4.308,69 €
51	U	Instalación da rede eléctrica en vivenda	2.217,08 €
52	U	Lavabo	175,68 €
53	U	Bañeira	192,41 €
54	U	Bidé	150,59 €
55	U	Inodoro	167,32 €
56	M2	Toldo	94,30 €
57	M2	Marquesiña	283,20 €
59	M2	Rótulo opaco	416,65 €
60	M2	Rótulo luminoso	576,85 €
61	M2	Carteleira publicitaria	43,07 €
62	M	Peches de postes con aramado	13,46 €
63	M2	Peches de tea metálica con postes	14,37 €
64	M2	Cerrume con bloque de formigón	28,11 €
65	M2	Cerrume con bloque acabado especial	48,34 €

66	M	Cerrado de chantos	32,77 €
67	M	Cerrume con bloque e tea metálica	43,39 €
68	M3	Cerrume con cachotería, pedra ou lousa	380,67 €
69	M2	Peche metálico	71,92 €
70	M2	Peche fundición	114,61 €
71	M2	Porta entrada a parcela Metálica	112,93 €
72	M2	Porta entrada a parcela Fundición	259,36 €

ANEXO II**FOLLA DE AVALIACION**

SUXEITO PASIVO NOME	
NIF OU CIF	
ENDEREZO	
TELEFONO	

TIPO DE OBRA

COSTE DE EXECUCION MATERIAL. PRESUPOSTO DE REFERENCIA

CON PROXECTO TÉCNICO			
SEN PROXECTO TÉCNICO (OBSERVACIONES)	Unidades	Concepto(nº de actuación)	Prezo total
TOTAL SUPERFICIE CONSTRUIDA			
ORZAMENTO DE REFERENCIA			

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesado recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia*, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Alfoz, 21 de xuño de 2021.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 1888

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTE 2735/2018

Mediante Resolución da Alcaldía nº 2018-0954 de data 04/12/2018 aprobouse o Plan de disposición de fondos do Concello de Burela, cuxo texto é o seguinte:

“PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS DO CONCELLO DE BURELA

PRINCIPIOS XERAIS

1º.- O Plan de Disposición de Fondos da Tesouraría deste Concello ten por obxecto conseguir una axeitada distribución temporal dos pagos, acomodándoos ás disponibilidades de efectivo previstas na Tesouraría Municipal, que permita unha correcta estimación das necesidades de endebedamento e a optimización dos recursos dispoñibles.

2º.- A xestión dos fondos integrantes da Tesouraría, realizarase baixo o principio de unidade de caixa coa centralización de todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e por operacións non orzamentarias, utilizando todos os recursos dinerarios dispoñibles para o pago das obrigas. Con todo nos supostos nos que por imperativo legal, convencional ou por aplicación de acordos plenarios desta Corporación, o produto dun determinado ingreso estivese afectado a un gasto, tal produto entenderase Tesouraría separada e destinarase á atención dos pagos correspondentes ao fin afecto.

3º.- O Plan de Disposición de Fondos será de aplicación dende a data da súa aprobación, e manterá a súa vixencia nos exercicios seguintes en tanto non se proceda á aprobación dun novo Plan.

4º.- De igual maneira, o Plan de Disposición de Fondos poderá ser revisado ao longo do exercicio en función das modificacións producidas nas disponibilidades líquidas efectivas ou previstas na Tesouraría.

1. ORDENACIÓN DOS PAGOS

Os pagos orzamentarios por execución do orzamento de gastos, ordenaranse atendendo ao recoñecemento da obriga correspondente, dada a necesaria execución orzamentaria dos mesmos en función dos respectivos devengos.

Calquera que sexa a orde de prelación que, segundo este Plan, correspondese ao pago, ordenaranse os pagos para que se realicen en data anterior á finalización do prazo previsto na normativa de morosidade.

Neste punto, debe facerse constar a necesidade de adaptar o volume de realización do gasto ao Plan de tesouraría municipal, aos efectos de que non se produzan tensións de liquidez. Deste xeito, sería conveniente que os distintos departamentos municipais xestores do gasto facilitasen á Tesouraría información do calendario de previsións de execución dos gastos, aos efectos de axustalos ao plan de tesouraría.

2. DISPOÑIBILIDADES DINERARIAS E ORDE DE PRELACIÓN NOS PAGOS

Cando da programación das **dispoñibilidades dinerarias** deste Concello, despréndase que non permitirán atender o puntual pago das obrigas para amortización de débeda e dos seus correspondentes xuros, pago das obrigas de persoal e cotas obrigatorias da Seguridade Social, poderán realizarse axustes na programación dos pagos ata lograr os recursos dinerarios necesarios que permitan atender aquelas obrigas.

Cando na programación de **expedición de ordes de pago** as dispoñibilidades de fondos estimadas razoablemente non permitan atender ao conxunto das obrigas recoñecidas de natureza orzamentaria e aos pagos esixibles de natureza extraorzamentaria, estarase á seguinte orde de prelación das ordes de pago:

NIVEL 1º. Pagos correspondentes a amortización de débeda:

- Os pagos correspondentes a obrigas contraídas en exercicios anteriores sobre amortización da débeda incluída no Capítulo IX e Intereses da débeda no Capítulo III.

- Os pagos correspondentes á amortización da débeda incluída no Capítulo IX e Intereses da débeda no Capítulo III, así como os pagos por cancelación de operacións non orzamentarias de tesouraría e gastos financeiros derivados da débeda e de operacións de tesouraría.

NIVEL 2º. Os pagos correspondentes a créditos do Capítulo I:

- Neste nivel atópanse comprendidos os gastos clasificados no Capítulo I. Gastos de Persoal, da clasificación económica do orzamento de gastos. A título enunciativo e non exhaustivo entenderanse incluídas as retribucións líquidas do persoal funcionario, laboral, eventual no seu caso, e dos membros electos da Corporación que teñan recoñecida dedicación exclusiva ou parcial aos seus labores representativos e demais gastos como os gastos sociais, dietas e gastos de desprazamento.

- Pagos extraorxamentarios a realizar en concepto de cotas retidas aos empregados por razón de cotizacións á Seguridade Social en calquera dos seus réximes, así como os derivados de liquidacións trimestrais en concepto de impostos retidos aos perceptores de rendas abonadas pola Corporación e en especial as correspondentes ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, salvo que, en ambos os casos, obtivéronse adiamento da obrigación de ingreso en modo regulamentario.

- Pagos de natureza orxamentaria en concepto de cotizacións empresariais de calquera réxime da Seguridade Social, salvo adiamento da obrigación de pago obtido en modo regulamentario.

NIVEL 3º. Pagos varios de diversa natureza.

Gozan de preferencia no pago, sen que iso supoña ningunha quebra na orde de prelación xa que polos seus especiais características esixen esta excepción, os seguintes pagos:

- Pagos e/ou depósitos a efectuar correspondentes a obrigacións derivadas de acordos adoptados pola corporación para dar cumprimento a sentenzas firmes polas que o Concello fose condenado ao abono dunha cantidade certa.

- As devolucións de ingresos indebidos, ingresos duplicados, fianzas e garantías, reintegros de convenios subscritos con outras entidades públicas, reembolso de custos orixinados por garantías depositadas coa finalidade de suspender o procedemento recadatorio e outros de similar natureza.

- Os pagos correspondentes ás publicacións nos boletíns oficiais e demais taxas.

- As axudas sociais e de emerxencia, debido ao seu carácter benéfico-social ao dirixirse a grupos con necesidades especiais.

- Os correspondentes a subvencións ou transferencias que polas súas especiais características débense executar atendendo ao recoñecemento da obrigación, sobre todo cando se trate de gastos financiados con subvencións finalistas, nos que o cobro das mesmas ou o seu posible reintegro, estea condicionado á xustificación do pago dos devanditos gastos.

- Pagos correspondentes a subvencións nominativas recollidas no orzamento, sempre que se solicite polo beneficiario e acórdese polo ordenador de pagos de forma expresa.

- Pagos correspondentes a gastos financiados con ingresos afectados ata cubrir o importe dos ingresos afectados efectivamente cobrados ou recadados, cando os cobros non se atopen sometidos ao principio de unidade de caixa por disposición legal expresa.

NIVEL 4º. Pagos de operacións comerciais de exercicios anteriores. (Capítulos 2 e 6).

- Os pagos de obrigacións contraídas en exercicios anteriores como contraprestación nas operacións comerciais realizadas entre empresas e a Administración, de conformidade co disposto na Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

- As obrigacións recoñecidas mediante expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos situaranse na mesma posición que os pagos de operacións comerciais de exercicios anteriores. Por corresponder, normalmente, a exercicios xa pechados, o rexistro de entradas de facturas de Intervención será o que outorgue o dereito de cobro das facturas en canto a vencemento, debendo colocarse estas, por tanto, co vencemento que deberon ter cando se rexistraron.

NIVEL 5º. Pagos de operacións comerciais correntes. (Capítulos 2 e 6).

- Os pagos de obrigacións contraídas no exercicio corrente como contraprestación nas operacións comerciais realizadas entre empresas e a Administración, de conformidade co disposto na Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

- As dietas por asistencia a órganos colexiados terán a mesma consideración que os gastos por operacións comerciais do exercicio corrente.

NIVEL 6º. Outro tipo de pagos:

- Pagos das obrigacións do exercicio corrente, en aplicación do artigo 71.2 da Lei 39/2015, isto é, seguindo o despacho de expedientes por rigorosa orde de incoación, salvo resolución motivada en contra.

3. NORMAS ESPECÍFICAS DE APLICACIÓN

º.- Aos efectos de non incumprir o principio de prelación de pagos, establécese como procedemento de pago xeneralizado o pago ordinario mediante transferencia bancaria, previa presentación de factura correspondente

no Concello, sendo o procedemento de pagos a xustificar un procedemento excepcional e que deberá estar motivado e xustificado previamente.

Por cada centro xestor deberánse revisar os gastos a realizar polo departamento a tres meses vista de forma periódica, co obxecto de evitar gastos imprevistos, posto que estes poderían afectar á prelación de pagos e ás disposicións de tesouraría previstas.

2º.- Excepcionalmente, mediante resolución motivada o ordenador de pagos poderá ordenar o pago de obrigacións non preferentes correspondentes aos seguintes gastos:

a) Gastos que se consideren esenciais para o correcto funcionamento da actividade municipal ou de determinados servizos ao cidadán, deixando constancia formal diso na correspondente orde de pago.

b) Gastos en bens e servizos necesarios para o exercicio das actividades esenciais e básicas da entidade, así como aqueles que evitan a non interrupción dos servizos públicos.

c) Gastos que se teñan que realizar por disposicións legais, cuxa non realización supoñería un quebranto e unha ilegalidade ou demora no procedemento administrativo.

Os presentes pagos deben respectar, en todo caso, a prelación dos pagos incluídos nos niveis de prioridade primeiro e segundo, debendo deixarse constancia formal na correspondente orde de pago da súa preferencia, onde se especificará o carácter de urxente na realización material do mesmo. Estas excepcións respectarán, en todo caso, a preferencia dos pagos incluídos nos niveis primeiro e segundo expostos anteriormente.

3º.- A tesouraría poderá reter pagos e compensalos coas débedas tributarias ou doutra natureza a favor do Concello, nos termos establecidos na normativa vixente sobre xestión recadatoria dos tributos e outros recursos de dereito público, así como sobre a xestión orzamentaria.

4º.- Non se aceptarán polo Concello, como forma de pago, a domiciliación en conta, pois tal actuación supoñería o incumprimento do procedemento administrativo de execución do gasto, o cal establece que, previamente á ordenación do pago, e como requisito imprescindible para que poida realizarse, ha de producirse o recoñecemento e liquidación das obrigacións derivadas dos compromisos de gasto legalmente adquiridos.

Aceptarase a domiciliación bancaria cando o estableza a normativa como forma de pago para acceder aos aprazamentos ou fraccionamentos de pago das cotas e impostos que deban satisfacerse a outras administracións (TGSS, AEAT, etc.), así como naqueles contratos bancarios, financeiros ou similares que esixen tal requisito, con carácter excepcional.

5º.- Non se aceptarán, como formas de pago, a entrega de pagarés ou letras de cambio.

6º.- En cumprimento da obrigación de pago íntegra da factura, salvo supostos de compensación, embargos xudiciais ou similares legalmente contemplados, e da imposibilidade da súa fraccionamento no pago, non se admitirán pagos parciais de facturas.

7º.- Caso de formularse unha operación de quita e espera cos provedores municipais, ou algunha outra operación singular e especial de pagos, a orde de prelación e preferencias nos pagos serán os que nos devanditos documentos establézanse, quedando as disposicións do presente plan de disposición de fondos nun segundo lugar, e aplicándose de forma subsidiaria no non previsto nos devanditos expedientes.

4. PRAZOS DE PAGO

- Os pagos por certificacións de obras ou os correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial dun contrato de obras, servizos ou subministracións abonaranse dentro dos prazos establecidos no artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, salvo que se establezan datas de pago concretas en virtude dunha norma, sentencias ou dos convenios que lles sexan de aplicación, en cumprimento do período medio de pago a provedores establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

- A nómina do persoal, que se pagará con carácter mensual na data na que se dite a correspondente resolución pola Alcaldía.

- As cotas dos seguros sociais e de mutualidades de previsión social pagaránse nos vencementos establecidos nas súas normas reguladoras.

- A reposición de fondos por constitución ou reposición de pagos a xustificar pagaránse despois da recepción na Tesouraría das correspondentes ordes de pago.

- Os pagos non orzamentarios por retencións practicadas en nómina, excepto o imposto sobre a renda das persoas físicas e as cotas á Seguridade Social, pagaránse durante os primeiros cinco días do mes seguinte.

- Os pagos por retencións practicadas en concepto do imposto sobre a renda das persoas físicas e por outras retencións esixidas por Lei, pagaranse nos prazos establecidos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ou organismo que teña a competencia para a súa recadación.

- A amortización da débeda do capítulo 9, operacións de Tesouraría e gastos financeiros por intereses derivados das mesmas, pagaranse ao seu respectivo vencemento.

- As transferencias, subvencións e demais gastos dos capítulos IV e VII do orzamento de gastos, pagaranse dentro dos 30 días seguintes de haberse recibido na Tesouraría Municipal as correspondentes ordes de pago.

As ordes de pago deberán estar na Tesouraría co tempo necesario para que os pagos se realicen aos seus beneficiarios nas datas establecidas neste Plan, previa comprobación de que estes atópanse ao corrente de pago nas súas obrigacións tributarias."

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, con carácter previo e potestativo, o recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente do Concello de Burela no prazo dun mes a partir do día seguinte da publicación do presente ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, desde a mesma data indicada. Todo iso en virtude do disposto nos artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de interpoñerse recurso de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Burela, 17 de xuño de 2021.-O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 1889

OUTEIRO DE REI

Anuncio

EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DE CALIFICACIÓN JURÍDICA

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, fago saber que, con data de 4 de febreiro de 2015, iniciouse expediente de cambio de trazado do tramo de camiño público que discorre entre as parcelas 184 e 186 e a parcela 190 do polígono 74, de xeito que discurra polo linde leste das parcelas 184 e 186, a fin de proceder á agrupación das parcelas citadas.

De conformidade co disposto no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, ábrese un prazo de información pública de un mes, a contar dende o día seguinte o da presente publicación, durante o cal o expediente poderá ser consultado na Secretaría municipal e calquer persoa poderá alegar ou suxerir o que estime oportuno, tanto sobor a conveniencia e oportunidade da alteración, como na defensa dos dereitos e intereses dos que poidan ser lexítimos titulares.

Outeiro de Rei, 18 de xuño de 2021.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 1890

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A.

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/31875

Ganadería Matanza, S.C. solicita la concesión aprovechamiento de 1,17 l/s de agua procedente de un pozo sito en el lugar de A Matanza, parroquia de Castro de Rei de Lemos (Santa María), en el término municipal de Paradela (Lugo), para usos ganaderos

La captación se realizará en un pozo de 100 m de profundidad mediante una bomba que impulsará el agua hasta un depósito desde el que son conducidas a las salas de la explotación avícola a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el

Ayuntamiento de Paradela, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es.

Lugo, 11 de junio de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 1891

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: **A/27/28921**

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Granjas Mosteiro S.L.

Nombre de la captación: 2 Pozos

Caudal solicitado: 0,38 l/s

Punto de emplazamiento: Mosteiro de Devesa (Santiago)

Término Municipal y Provincia: Palas de Rei (Lugo)

Destino: Usos avícolas

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación de aguas se realiza desde dos pozos de barrena desde los que se conducen las aguas hasta un depósito de almacenamiento, a partir del cual son transportadas hasta las instalaciones a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Palas de Rei, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, 11 de junio de 2021.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 1892